



CIRCULAR INFORMATIVA 18/2026

1. RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 09.09.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 09.09.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Tramitáronse aprobáronse 6 altas como exercentes, 3 baixas e 2 cambios de exercentes a non exercentes.
2. **Informes de honorarios.** Tramitáronse e aprobáronse 11 informes de honorarios para incidentes de taxacións de custas, todos eles de procedementos bancarios. No que levamos de ano aprobáronse 730 informes de honorarios e estamos ao día na atención das solicitudes recibidas dende os órganos xudiciais.
3. **Amparo colexial a unha letrada da quenda de oficio.** Unha vez vista a solicitude dunha letrada da quenda de oficio, que presentou unha denuncia por acoso contra un cliente da quenda, a Xunta de Goberno acordou concederlle o amparo solicitado e designarlle un letrado para que asuma a súa defensa.

Non obstante, non se concedeu o amparo solicitado por outra colexiada, ao considerar que os feitos e expresións contidas na resolución xudicial que denunciaba non eran materia susceptible de amparo colexial.

4. **Escritos de órganos xudiciais e de particulares.** Atendéronse e resolvéronse varios escritos de mero trámite remitidos por diversos xulgados e particulares.
5. **Dilixencias de información previa e expedientes disciplinarios.** Unha vez examinadas as propostas presentadas polo relator da Comisión Deontolóxica e Disciplinaria, acordouse o arquivo de 8 expedientes de dilixencias de información previa (15/2026, 17/2026, 18/2026, 21/2026, 22/2026, 23/2026, 25/2026 e 26/2026). Así mesmo, acordouse a apertura dun expediente disciplinario a un letrado por vulneración do segredo profesional e defensa de intereses contrapostos.
6. **Outros acordos:**

6.1 **Concesión de bolsas a alumnado do máster da avogacía (EPX).** Acordouse conceder 5 bolsas solicitadas polos cinco alumnos do máster da avogacía.

6.2 **Devolución de cotas colexiais por baixa laboral.** Acordouse devolver a cota colexial correspondente ao 3º trimestre de 2026 a tres dos catro letrados/as que o solicitaron, unha vez xustificada debidamente a súa situación de baixa laboral por enfermidade durante o trimestre sinalado.

6.3 **Xornada informativa sobre as últimas novidades sobre a pasarela ao RETA.** Acordouse organizar unha xornada informativa sobre as últimas novidades en relación coa pasarela ao RETA. Esta xornada está programada para o día 8 de outubro no salón de actos do colexio e nela participará un letrado da Tesourería da Seguridade Social. Proximamente confirmarase por circular a data, así como o horario e o relator da xornada.



2. OFERTA DE TRABAJO: ABOGADO/A PARA ASUNTOS DE DEREITO CIVIL E PROCESUAL

O despacho compostelán Aristeia Abogados, SLP busca incorporar un/unha avogado/a para integrarse no equipo de traballar en asuntos de Dereito civil (obrigas, contratación e responsabilidade civil) e Dereito procesual.

Requisitos:

- Cando menos 2 anos de experiencia profesional na avogacía, acreditable nos ámbitos indicados. Aínda que se valorarán positivamente, non se computarán para estes efectos os períodos de prácticas.
- Colexición como exercente.
- Capacidade e autonomía para xestionar expedientes encomendados, redacción de escritos forenses, deseño de estratexias, asistencia a xuízos etc., reportando á dirección.
- Facilitade para integrarse e traballar nun equipo de xente nova e con experiencia.
- Carné de conducir e vehículo propio

Ofrécese:

- Incorporación a un despacho colectivo de avogados de Santiago de Compostela.
- Contrato laboral, a xornada completa.
- Retribución anual segundo o Convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña: 25.410,64 euros, correspondente ao nivel salarial 1.
- Posibilidade de desenvolver e consolidar unha carreira profesional no despacho.

As persoas interesadas poden enviar o seu CV, indicando no asunto “Abogado/a – Civil y Procesal” a aristeia@aristeiabogados.com

3. XORNADA: “AVANCES NA PROTECCIÓN DO CONSUMIDOR”

Achegámosvos (PDF) o programa da xornada “**Avances na protección do consumidor: Lei de segunda oportunidade e atención ao cliente**”, que terá lugar o vindeiro 17 de setembro, ás 9.00 h, na sala CINC 2 da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

A xornada nace co obxectivo de analizar dous dos avances normativos máis relevantes para a protección dos dereitos das persoas consumidoras nos últimos anos: a evolución da Lei de segunda oportunidade tras a reforma de 2022, e a nova Lei de servizos de atención á clientela, que está a transformar a relación entre empresas e consumidores.

Día: 17 de setembro

Horario: 9.00 a 14.00 h

Lugar: sala CINC 2, Cidade da Cultura

Inscripción previa: <https://es.surveymonkey.com/r/att-cliente>